



.....

Xornada

Hospitais e albergarías

Fitos nos camiños históricos e de peregrinación

.....

Centro Sociocultural Minguos de Pita

Melide

2 de decembro de 2024



Os camiños históricos, entre eles os Camiños de Santiago, constitúen un elemento vertebrador do territorio, ao mesmo tempo que un elemento patrimonial que garda as pegadas da mobilidade de persoas, mercadorías ou ideas, así como das infraestruturas a elas asociadas. A súa comprensión é fundamental para recuperar a historia espacial das sociedades do pasado. Dar aloxamento ao camiñante, asistir ao enfermo e incluso ofrecer manutención eran as funcións principais de albergarías e hospitais ao longo da Idade Media, mais tamén en datas posteriores. Moitos destes espazos, normalmente localizados na beira dos camiños, eran promovidos tanto por reis, bispos e nobres, como polas ordes relixiosas e militares. En Santiago de Compostela, final do traxecto da peregrinación xacobeá, o Hospital dos Reis Católicos, de promoción rexial, ou o Hospital de San Roque, promovido polo cabido e o arcebispo compostelán Francisco Blanco Salcedo (1574-1581), que garda nos seus baixos o camiño de acceso polo postigo da Algalia á cidade xacobeá, son importantes exemplos destas arquitecturas en Galicia.

Este ano, a xornada que realizan conxuntamente o Consello da Cultura Galega e o Museo de Melide pon a ollada nos hospitais e albergarías asociados aos camiños históricos e de peregrinación en Galicia. Este encontro abrirá cunha intervención sobre os relatos de hospitalidade como marco deste importante fenómeno, para despois facer un percorrido polas estruturas deste tipo documentadas na comarca de Monterrei e rematar con tres estudos de caso revisados dende o punto de vista da historia, da arqueoloxía e da historia da arte respectivamente, dende A Fonsagrada ata Santiago de Compostela, pasando por Melide. Unha mirada transversal ás infraestruturas de acubillo e coidado dos camiñantes.

Programa

17:00 horas
Presentación

17:15 horas
Relatos de hospitalidade xacobeá a través da exposición Hospitalitas, a graza do encontro
Ramón Yzquierdo Peiró, Museo Catedral de Santiago

17:45 horas
Hospitais e albergarías nos Camiños de Santiago na comarca de Monterrei
Nieves Amado, Universidade de Vigo / Consello da Cultura Galega

18:15 horas
O hospital vello de Montouto (A Fonsagrada). Un estudo de caso arqueolóxico
Rebeca Blanco-Rotea, Lab2PT, Universidade do Minho / IN2PAST / Consello da Cultura Galega

18:45 horas
Os hospitais de peregrinos e asistencia na Terra de Melide
Cristina Vázquez Neira, Museo de Melide

19:15 horas
O Hospital Real de Santiago. Cidade e peregrinación
Patricia Cupeiro, IACOBUS, Universidade de Santiago de Compostela

19:45 horas
Debate

Organiza

Consello da Cultura Galega
Museo da Terra de Melide

Coordina

Rebeca Blanco-Rotea
Cristina Vázquez Neira

Lugar

Centro Sociocultural Mingos de Pita
Galicia, 16-20
15800 - Melide

Asistencia

Entrada libre e gratuíta até completar a capacidade da sala.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:

